- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
7	Unit 6. I'm on a bike ride	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escrebe palabras e frases moi sinxelas a partir de modelos, usando estruturas e léxico elemental sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global, as palabras e frases previamente indicadas en textos breves e sinxelos, de tipoloxía variada, sobre temas frecuentes, cotiáns e próximos á súa experiencia.	TI	60
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Selecciona e aplica, de forma guiada, algunha das estratexias adecuadas en situacións comunicativas cotiáns para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado utilizando de forma guiada algúns recursos.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona, de forma guiada, estratexias para producir mensaxes breves e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa con frecuencia en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal, preparadas previamente, apoiándose en recursos, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Selecciona e utiliza, de forma progresiva, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica información básica de forma guiada, mostrando empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, axudando nas dificultades de comprensión, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Compara e contrasta as similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza e diferencia, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con moito apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistra e aplica, de forma guiada, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actúa con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando algunhas das semellanzas e diferenzas moi elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.

Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na materia, potenciarase un enfoque comunicativo e un tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, polo que se fará fincapé na comunicación oral e na conciencia intercultural.

Fomentarase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. O alumnado poderá transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprenden, favorecendo o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización. Trátase non so de adquirir uns coñecementos, senon tamén de ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida.

Partirase de que as situacións comunicativas, que inclúen o xogo, captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nos primeiros anos. Empregaranse tecnoloxías dixitais, como proxección de vídeos, escoita de cancións, entre outras, para traballar a comprensión oral. Para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, empregaranse ferramentas dixitais, como historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes.

A lingua inglesa será unha ferramenta de traballo coa que expresen as súas necesidades básicas e coa que se podan relacionar cos compañeiros/as, acompañada da linguaxe corporal, os xestos e a mímica.

Impulsaranse situacións diversas de interacción, para a comunicación oral entre o alumnado: en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Partirase sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado. Por outra parte, considerando as distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado, existirá sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballaranse actividades de ampliación para os máis avanzados, e de reforzo para os que podan precisalas, considerando os erros como algo natural no proceso de aprendizaxe.

As actividades que se leven a cabo na área de lingua estranxeira estarán interrelacionadas coas outras áreas curriculares. Todo o que o/a alumno/a aprende nas diferentes materias permítelle construír unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas.

Contemplanse sempre a coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material bibliográfico
Libros de lectura
Material impreso
Pósters
Encerado dixital interactivo - smart board
Uso dos medios audiovisuais
Páxinas web de xogos online
Vídeos
Rimas e cancións

O material bibliográfico inclúe unha ampla oferta de libros.

Na aula, poderán lerse libros de lectura en lingua estranxeira, principalmente contos, adaptados á súa idade e intereses, para enriquecer o seu vocabulario, así como expresións de uso frecuente.

Entre os recursos materiais, o alumnado dispón dun Class Book (CB) e un Activity Book (AB). Xunto co Class Book, o Booklet ofrece práctica adicional para consolidar a linguaxe adquirida e propiciar a autoavaliación do alumnado. Supón un elemento moi útil para a conexión coa familia e compartir o aprendido en clase. Tamén dispoñen da versión dixital do Class Book e do Activity Book.

O profesorado dispón da Teacher`s Guide, o Teacher`s Resource Pack e os CDs de audio. Dispón tamén do iPack coa versión dixital do CB e AB, audio, vídeo e xogos, as versións interactivas das actividades do CB e o AB, xogos dixitais e unha sección de recursos.

A docente contará con abundante material complementario impreso en papel: pósters, flashcards, worksheets para afianzar os contidos traballados na aula, etc. entre outros.

Nas aulas ordinarias, para o desenvolvemento das clases, emprégase unha pizarra dixital para a visualización de

vídeos e outros recursos audiovisuais, con historias e xogos. A editorial Oxford conta cunha páxina web, na que o alumnado accederá aos contidos dixitais do curso.

Outras páxinas web de interese para ser empregadas son:
 British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>
 Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>
<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo os primeiros días do curso académico. O alumnado realiza unha proba escrita que consiste nun conxunto de actividades, para traballar contidos vistos no curso académico anterior. Unha vez elaboradas, corríxense de maneira oral, co obxectivo de coñecer tamén o nivel de comprensión e pronunciación a nivel grupal. Desta maneira, compróbase o nivel de partida do alumnado e téñense en consideración as dificultades atopadas para reforzalas no presente curso académico e, posteriormente, ver a súa evolución na adquisición de coñecementos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	16	16	16	16	16	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

Neste nivel, na área de Lingua Estranxeira (Inglés), teranse en consideración os seguintes criterios de cualificación:

- A observación sistemática e a posta en común de traballo diario na aula.
- Escenificacións de historias traballadas nas unidades e role-plays.

Os instrumentos de avaliación empregados nesta materia son:

- A observación do traballo na clase.
- A correcta elaboración das actividades traballadas na aula.
- Probas orais.
- Probas escritas.
- Presentación de tarefas.
- O caderno de clase.
- A participación nas interaccións orais da aula.

Criterios de recuperación:

Os criterios de recuperación nesta área son os seguintes:

- Realizar probas de recuperación dos contidos traballados en cada unidade.
- Para o alumnado que teña dificultades en acadar o nivel requerido e non avance adecuadamente, contéplase a realización de actividades de reforzo sobre os contidos traballados en cada unidade. En paralelo, avaliarase de forma continuada, se a adquisición dos coñecementos progresa adecuadamente.

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previas de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante a ensinanza. Por iso, prestarase atención personalizada a cada alumno/a, realizaranse diagnósticos precoces e estableceranse mecanismos de reforzo, que poden ser organizativos ou curriculares, e deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Non todos os alumnos/as aprenden da mesma forma e ao mesmo ritmo. Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos podan alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma maneira, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos/as máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente se deberá atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa.

Estimarase a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras, sendo conscientes en todo momento desas diferenzas, á hora de avaliar, e tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para o alumnado con altas capacidades intelectuais, facilitaranse contidos e material de ampliación adecuado ás necesidades deses alumnos, que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades. Entre estas actividades, contéplanse:

- Fichas de actividades, como xogos de letras relacionados co léxico do tema.
- Axudar aos compañeiros/as coas súas actividades, exercendo unha función de mediación lingüística.
- Comparar, repasar e practicar unha lectura do traballo feito con outros compañeiros/as que tamén remataron.
- Realizar variacións de actividades xa realizadas.

Para o alumnado con integración tardía no sistema educativo, adoptaranse as medidas necesarias que faciliten a súa integración escolar e recuperación do seu desfaseamento para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, adoptaranse medidas de escolarización e de atención. Para alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, con actividades colectivas de grupo, adaptadas ás súas capacidades e circunstancias.

No caso de ser necesaria a realización dunha adaptación curricular, os criterios e procedementos previstos centraríanse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Enriquecemento curricular.
7. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

Cando non bastan as adaptacións hai a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben en espazos de optatividade ou actividades deseñadas especialmente para el/ela. Este alumnado seguiría tendo como referencia os obxectivos xerais da etapa e accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, o espírito científico e o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Promover a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestar especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida familiar, persoal e social, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Promover o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomentar as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - O emprendemento, para fomentar o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Cidades e comunidades sustentables.							X
ET.9 - Saúde e benestar.				X	X		
ET.10 - Vida de ecosistemas terrestres.		X					
ET.11 - Redución das desigualdades.			X			X	

Observacións:

Tódolos elementos transversais sinalados estarán presentes ao longo do desenvolvemento da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Saídas culturais	X	X	X
Visitas ao centro	Contacontos, profesionais de distintos sectores, ...	X	X	X
Conmemoracións da escola	O magosto, Nadal, Entroido, entre outras	X	X	X
Conmemoracións específicas da lingua estranxeira	Halloween, Christmas, Easter, St Patrick's Day	X	X	
Outras conmemoracións	Peace Day, entre outras		X	
Outras actividades	All about our world, Children of the world	X	X	X

Observacións:

Nas posibles saídas, poden realizarse actividades de aprendizaxe nas que tratar contidos propios da lingua estranxeira.

Tódalas conmemoracións na escola, así como as posibles visitas, ofrecen unha boa oportunidade para fomentar o traballo en equipo e compartir valores fundamentais.

Conmemoracións típicas:

1. Durante o primeiro trimestre:

Halloween: elaborarán manualidades e escoitarán e interpretarán un chant.

Christmas: elaborarán manualidades e escoitarán e interpretarán un chant.

2. Pascua: interpretarán un chant e participarán nun xogo.

Outras actividades:

Ao rematar a unidade 1, All about our world 1: The animal world:

- escoitar e reproducir o vocabulario.

- Relacionar as palabras coas imaxes.

Ao rematar a unidade 2, Children of the world: Practising and being happy:

- Visualizar un vídeo sobre nenos de diferentes países facendo actividades que lles fan felices.

- escoitar e ler un texto.

- Ler oracións escollendo as palabras correctas.

Ao rematar a unidade 3, All about our world 2: Healthy eating:

- Revisar imaxes identificando alimentos.

- Ler un texto.

- Contestar preguntas.

Ao rematar a unidade 4, Children of the world 2: Working hard to say thank you:

- Visualizar un vídeo sobre nenos de diferentes países e persoas que lles axudan.

- Observar as imaxes e responder preguntas.

- Ler oracións, identificando as verdadeiras.

Ao rematar a unidade 5, na lección All about our world 3: The water cycle:

- escoitar e reproducir as palabras de vocabulario.

- Relacionar as etapas do ciclo da auga coas imaxes.

Ao rematar a unidade 6, Children of the world 3: A new home:

- Visualizar un vídeo sobre unha nena de Siria nunha nova situación.

- Responder a preguntas.

- Ler un texto e relacionalos cos encabezados dos parágrafos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación didáctica
Obxectivos da materia
Adaptar a temporalización das unidades ás necesidades do grupo

Competencias clave
Temas transversais
Práctica docente
Metodoloxía empregada
Incorporar o uso das TIC ao proceso de ensino.
Métodos didácticos e pedagóxicos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos
Distribución de espazos e tempos
Medidas de atención á diversidade
Conseguir a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Deseñar actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado
Medidas de atención á diversidade

Descrición:

Para a avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente, teranse en conta os elementos a avaliar e o seu nivel de logro (non acadado, acadado parcialmente ou totalmente acadado).

Na medida do posible, a docente intentará que o conxunto do alumnado participe nas actividades comúns propostas na aula, adaptándose ás características individuais e ao ritmo de aprendizaxe e traballo.

Durante o proceso de ensino, a docente propoñerá diversas actividades empregando as TIC: visualización de vídeos, diferentes actividades propostas na pizarra dixital e traballadas nos libros de texto da editorial Oxford. Ademais, a editorial facilita ao alumnado un enlace desde o que se pode acceder aos contidos dixitais traballados na aula.

As unidades didácticas estarán temporalizadas, tendo en conta as características individuais do alumnado, e tendo en consideración que os ritmos de aprendizaxe e traballo non son iguais para todos.

A docente avaliará se os obxectivos propostos na materia, para este nivel na programación didáctica, adecúanse as características dos grupos ao que vai dirixida e, valorará, no caso de que os resultados obtidos non sexan totalmente satisfactorios, as medidas de mellora que se podan aplicar.

En todo momento, a docente terá en conta a atención á diversidade, aplicando unha atención individualizada ao alumnado, tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe. Desta maneira, establecerá medidas de reforzo para o alumnado, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, elaborando actividades adaptadas.

A docente avaliará a súa práctica docente reflexionando se a metodoloxía empregada en cada unidade didáctica foi a máis óptima, valorando se a dificultade e duración das actividades traballadas adaptouse aos grupos aos que vai dirixida e se se acadou a motivación do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Á hora de avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, a docente levará a cabo unha avaliación global, continua e formativa.

A avaliación estará baseada na observación e seguimento sistemático do alumnado, tomando en consideración tódalas producións que desenvolve, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais, actividades de clase, lecturas e resumos, situacións de aprendizaxe, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación, entre outros. Terase en conta o grao de desenvolvemento das competencias, así como o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

A docente levará a cabo unha avaliación continua e, se o progreso dun alumno ou dunha alumna non é o adecuado, establecerá medidas de reforzo educativo, tan pronto como se detecten as dificultades en calquer momento do curso. Farase un especial seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe ou con integración tardía no sistema educativo español, e estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo cos apoios que precise.

Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado terase en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil competencial. Para avaliar se o alumnado adquiriu as competencias, reproduciranse situacións o máis reais posibles de aplicación, pois as competencias supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes.

Nesta área, o traballo coa lingua estranxeira é cíclico. Ao inicio do curso, o alumnado terá menor fluidez na lingua estranxeira, así como menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua, das ferramentas, das técnicas e das estratexias de auto-aprendizaxe. Sen embargo, como a adquisición da lingua é progresiva, terase en conta á hora de valorar as evidencias recollidas e decidir a cualificación do alumnado.

A metodoloxía proposta pola docente na aula de lingua estranxeira favorece por parte do alumnado un alto grao de participación, naquelas actividades que requiran interacción co resto de compañeiros/as, para consolidar a adquisición da lingua adaptada a situacións de simulacións reais.

Como proposta de mellora, reforzaranse os contidos traballados en cada unidade por medio de propostas lúdicas, como as que ofrece a editorial Oxford na súa páxina web; na mesma, o alumnado ten unha ampla oferta de actividades e xogos cos que repasar e reforzar os contidos vistos en cada unidade.

O proceso de seguimento levarase a cabo observando o traballo diario na aula e prestando tamén atención ás producións nas intervencións orais. A observación sistemática na aula proporcionará información relevante respecto á adquisición dos contidos, así como respecto ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.

A avaliación terá en conta o interese e a implicación nas actividades propostas e a realización das probas orais e escritas. A docente reforzará a aquel alumnado que presente máis dificultades na realización das tarefas e, as adaptará, se é necesario, para facilitarlles o seguimento das mesmas co conxunto do grupo.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso, teranse en conta os avances de cada alumno/a dende o momento da avaliación inicial e realizarase unha avaliación sumativa en diferentes momentos do curso.

Para obter a cualificación final, teranse en consideración os criterios de avaliación do nivel, prestando especial atención á evolución de cada alumno/a dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición de competencias.

No proceso de avaliación, para recoller o grao de consecución, estableceranse cinco niveis de cualificación, coa seguinte escala cualitativa:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas

Para as cualificacións positivas:

SU: Suficiente

BE: Ben

NT: Notable

SB: Sobresaliente

A estas achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4

Suficiente: 5

Ben: 6

Notable: 7, 8

Sobresaliente: 9, 10

9. Outros apartados